

## Ode à Madison Ivy e outras coisas de meter. Encontro literario con Verónica Martínez Delgado

Posted on Febreiro 13, 2019 by [nebedaclube](#)



### ODE À MADISON IVY E OUTRAS COISAS DE METER



VERÓNICA MARTÍNEZ DELGADO

SALA XOHANA TORRES  
Facultade de Ciencias da Educación  
12 marzo | 17 h.

[NEBEDACLUBELECTURA.WORDPRESS.COM](http://NEBEDACLUBELECTURA.WORDPRESS.COM)



Verónica Martínez Delgado medra na terra de Valdoviño, en A Frouxeira, nutrida pola seiva galega, vasca e andaluza. A súa infancia transcorre inmersa nunha sociedade patriarcal onde a violencia e o medo serán muros a derrubar coa lectura e a escrita, así coma coas súas inquedanzas polas artes plásticas, danza e música. Desde moi nova comeza a escribir os seus primeiros poemas coma refuxio, bálsamo e loita, e acada premios en certames con tan só 14 anos . Abandona a casa familiar para mudar a Compostela, onde estuda historia da arte, substancia e pouso na súa obra. Logo marcha a Madrid na procura de novas oportunidades e coa idea de abrir novos camiños profesionais. Alí traballa en museos e galerías de arte, e será a galería Sargadelos un elo que a unirá á súa terra, ou outro será o grupo Bilbao. Regresa a Galicia onde reside actualmente, dedicándose ao ensino e á escrita. En 2016 defende a súa tese sobre Isidro Parga Pondal.

*O que escribo é ante todo sincero. Falo de mundos oníricos, ferintes e cotiáns. Adoita tratarse dunha poesía sensorial, emotiva, chea de imaxes, a arte e a*

*natureza son referencias constantes na voz que fala, e de paisaxes vividas e de saliva. Sempre hai un momento, para as obsesións, para a liberdade, para a beleza, para o erotismo, para recordar con nostalxia o pasado e o futuro perdido. A emoción vólvese concepto no tacto. É intenso o achegamento á esencia do visible, á mestura entre dor e pracer, á paixón sen medida ata acadar o desbordamento da escrita. Normalmente escribo dun modo moi pouco profesional, cando xa non me resta outro modo de expresarme, e serve como catarse, como evolución ou involución pero cara adiante, mirando de fronte á luz, a luz devastadora desde a consciencia. (Autopoética, Web da AELG)*


Nos seus inicios formou parte do Batallón literario da Costa da Morte e deses primeiros anos son os libros de poemas: *Había tantos homes lilas*, que obtén o I Premio de poesía Francisco Fernández del Riego do IV Certame de 1996; *Deshabitada e sen verdugo, de novo co mesmo premio que o anterior* no 1997, publicado en 2002 e [Desterrada do meu corpo](#) (Accésit I Premio de Poesía Letras de Cal de 2001 e Premio do Concurs de Poesía Jove de Alzira de 2000). Logo virán *Cara a un solpor de gatos* (III Edición do Premio de Poesía Afonso Eanes do Cotón 2004) e *O ladrón de almas* (Mención de honra no certame de poesía GZcrea 2006 recollido en *Isto é un poema e hai xente detrás*), *Refuxio* (2006, publicado en 2013 por Toxosoutos) e *Cartapedra* (2008, publicado en 2013). Tamén deste tempo é o relato *Mañá, se cadra non será un día máis*, co que é galardoada no VII Concurso de relatos breves Repsol de 1994.



## Desterrada do meu corpo

Accésit I Premio de poesía Límbica de ECU

Verónica Martínez Delgado




Logo desta intensa produción literaria chega un silencio editorial, non de creación, que remata en 2012 coa saída á luz de *Lusocuria*, obra que unha nova etapa na súa traxectoria, se cadra de maior subversión e compromiso coa loita contra todo tipo de manifestacións de violencia contra a muller e, asemade, de ruptura coa ILG e o comezo da escrita en galego internacional.

### Lusocuria de Verónica Martínez na Libraría Paz IV





En 2013 sae do prelo *Obra reunida (1994-2008)*, publicada en galego e castelán en Madrid por Amargord, na que están recollidos poemas inéditos e de xuventude así como as obras: *Había tantos homes lilas*, *Cara a un solpor de gatos*, *O ladrón de almas* e *Refuxio*. Tamén nese ano sae *Ode à Madison Ivy e outras coisas de meter* (Accésit VIII premio de poesía erótica Illas Sisargas 2013).

En 2014 gaña, xunto a Alberte Momán, o IX Certame de poesía erótica Illas Sisargas co poemario a catro mans [A outra voz](#) (2015).



Verónica Martínez  
CARTAPEDRA





Outros poemas galardoados son *Xa non hai máis* (Certame de poemas de amor de Foz de 2014), *Test de embarazo positivo* (II premio no Certame Literario Rosalía de Castro A.C. Rosalía de Castro de Cornellá) e *Habitación compartida no materno-infantil* (categoría de Poesía no X Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia “Rosa de Cen Follas”).



Ten numerosas participacións en obra colectiva e colabora en revistas e portais literarios con ensaio e crítica literaria: *Madrygal: Revista de Estudos Gallegos*, *Dorna*, *Ólisbos*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Arraianos*, *Olga*, [Palavra comum](#) ou *Praza*.

Martínez Delgado, Verónica (2005). *Ladrón de almas*. Dorna: *Expresión Poética Galega*, (30), 38-40.

— (2008a). *Covarde*. Dorna: *Expresión Poética Galega*, (32), 66.

— (2008b). *Dime cales sos as coordenadas*. Dorna: Expresión Poética Galega, (32), 65.

— (2008c). *Era unha dor tan profunda*. Dorna: Expresión Poética Galega, (32), 64.

— (2015). *Visión de xénero na crítica literaria galega feita na Galiza*. Madrygal: Revista De Estudios Gallegos, (18), 57-59.

Disponibel en <http://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/48856/45592>

Martínez Delgado, Verónica e Momán Noval, Alberte. (2013). *Carta de lisboa: Un portugal de seu*. Grial: Revista Galega De Cultura, (200), 100-101.

É unhas das [segadoras](#) do plataforma de crítica literaria [A sega](#), desde a que saca na nosa terra, para facer agromar literatura de calidade, subalterna, soterrada baixo a pegada hexemónica patriarcal. Nesta liña de ocupación do espazo público negado están moitos dos seus escritos en revistas e outras canles de difusión. Adoitamos escoitar a súa voz transgresora en recitais poéticos e conferencias:



A seguir indicamos algunhas páxinas nas ampliares información sobre esta autora:

Gladys Cagiao Conde, L. (2018). Verónica martínez delgado: Unha poeta do século XXI nas marxes do sistema. *Revista De Linguas Y Literaturas Catalana, Gallega Y Vasca*, 22, 103.

doi:10.5944/rllcgv.vol.22.2017.20852

[Web da AELG](#)

[As escollas electivas](#)

[Cuestionario fou\(cinha\)](#).(A Sega, 01-1-2019)

[Cuestionario Proust](#) (Caderno da crítica, 5-3-2014)